



## DESTINATARIOS

MEMBROS DA CORPORACIÓN

### NOTIFICACIÓN

En virtude do ordenado por ALCALDÍA, poño no seu coñecemento que con data 27-02-2023 foi ditada a seguinte RESOLUCIÓN con número 88/2023:

### “RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

#### **Asunto: CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 01.03.2023**

Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

*«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».*

Visto canto antecede e, coa finalidade de atender ao requirimento da Demarcación de Costas de Galicia (Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico) de aceptación das condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino á legalización da ponte A Ponte Nova, no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**Primeiro.- CONVOCAR sesión extraordinaria e urxente** que realizará **O CONCELLO PLENO** na Casa Consistorial, o vindeiro **1 de marzo de 2023** ás **20:00 horas**, por medios telemáticos (videoconferencia). De non poderse levar a cabo a sesión en primeira convocatoria, de conformidade co establecido na normativa vixente terá lugar en segunda convocatoria corenta e oito horas despois.

Non obstante, aqueles concelleiros que non dispoñan ou non poidan realizar a videoconferencia, poderán asistir de maneira presencial acudindo ao salón de Plenos, debendo comunicar dita circunstancia a esta Alcaldía coa finalidade de garantir o desenvolvemento da sesión observando en todo momento as pertinentes medidas de seguridade e sanitarias.

**Segundo.-** Que pola Secretaria se cite a todos os concelleiros para a devandita sesión manifestándolles que a partir desta data teñen o seu dispor na Secretaría municipal os antecedentes e expedientes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día inserido a continuación deste Decreto. Non obstante, ante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, remitiráselles a todos os concelleiros, mediante correo electrónico, a documentación relacionada cos asuntos que figuran na orde do día.

**Terceiro.-** Incluír na Orde do Día da devandita sesión os seguintes asuntos:



## ORDE DO DÍA

### 1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

2.- ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN E PRESCRICIÓN POLAS QUE PODERÍA OUTORGARSE A CONCESIÓN DE DOUSCENTOS VINTE E TRES METROS CADRADOS (223 M<sup>2</sup>), DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO Á LEGALIZACIÓN DA PONTE A PONTE NOVA SOBRE O RÍO CONDOMIÑAS XUNTO Á PRAZA DO PEIXE NO NÚCLEO URBANO DE CEDEIRA. (EXPEDIENTE 2020/X999/000024)

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.”

**Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas indicadas na marxe.**

A Secretaria Xeral

Ana Velo Ruiz.



Enterados da precedente convocatoria e orde do día:

MANUEL PÉREZ RIOLA

CARMELA PRIETO CAL

JESÚS ROMERO CARRACELAS

MAGDALENA PÉREZ VILLAR

ERMITAS GARCÍA RÍOS

MANUEL MARTÍNEZ LÓPEZ

LUÍS RUBIDO RAMONDE

ESTEBAN BLANCO GARROTE

ESTHER COUTO LAMIGUEIRO

MARÍA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS

MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ